



TORNEO DE FUTBOLÍN

EQUIPOS

Cada equipo estará composto de dous xogadores. As posicións de xogo non poderán variar durante o desenvolvemento dunha partida. Ao rematar cada partida, os xogadores intercambiarán o lado da mesa.

INSCRICIÓN

A inscrición realizarase ata 20 minutos antes do comezo do torneo no mesmo lugar, e terá un custo de 10€ por parella.

PREMIOS

As fases do torneo serán ao mellor equipo de tres partidas. Premiaranse a primeira e a segunda parella co 30% e 20% do recadado, respectivamente, e a primeira, segunda e terceira con medallas.

SAQUE

O saque inicial farase por sorteo, elixindo campo ou bóla. Ao longo dun enfrontamento entre dous equipos realizarase alternativamente ao inicio de cada partida. Todos os saques efectuaranse sempre dende as barras de defensa.

GOLES

Os goles prodúcense cando a bóla entra na portería do equipo contrario, non obstante, hai goles que se contan como **nulos**:

- Efectuando unha contra ou remache tanto á defensa como ao porteiro.
- O que se produce por rebote directo na barra ou nos xogadores da dianteira tras tiro da defensa ou o porteiro.
- O que se produce tras parar a bóla ou dar dous ou máis toques na barra dianteira sen romper a xogada.
- O marcado dende a barra dianteira regateando á defensa.
- Dende a barra dianteira o conseguido tras intentar romper a xogada tirando á táboa e rebotar a bóla na defensa ou o porteiro, entrando directamente. O gol é nulo tanto no caso de que o rebote se produza antes de tocar a táboa como con posterioridade.
- O conseguido pisando a bóla en calquera das barras.
- O conseguido *machacando* a bóla contra a parede en calquera das barras.
- O conseguido elevando a bóla por riba das barras.
- O que se produce por rebote na barra de luz, nun xogador, espectador, ou en calquera obxecto alleo á mesa de xogo.



ACCIÓNS PROHIBIDAS

Existen accións que están totalmente prohibidas nunha partida de fútbolín. Hai que telas en conta á hora de iniciar a partida e xogar limpo. Estas accións son:

- Pisar a bóla en calquera das barras.
- Facer o muíño ou a serra.
- Golpear, tensar ou dobrar as barras.
- Erguer, mover ou golpear a mesa de xogo.

SANCIÓNS

Castigarase con **posesión de bóla ao equipo contrario** cando, durante o xogo, estea en posesión da bóla durante máis de cinco segundos sen ánimo de xogar ou iniciar xogada de ataque, ou realice algunha das accións prohibidas mencionadas no apartado anterior.

Castigarase cun **gol en contra**:

- Erguer ou mover a mesa de xogo.
- Coller ou tocar a bóla coa man, interrompendo o xogo.

Castigarase cunha **tarxeta amarela**:

- A desconsideración ou insulto cara o equipo contrario, o árbitro ou os espectadores, sempre que non sexa susceptible dunha sanción maior.
- A reiteración en accións prohibidas.
- Durante o desenvolvemento da partida non se poderá falar ou xesticular co obxectivo de distraer ou menosprezar ao equipo contrario. A reiteración podería ser castigada con tarxeta amarela.

Castigarase con **tarxeta vermella**:

- A acumulación de dúas tarxetas amarelas no mesmo torneo.
- A desconsideración e/ou insulto ou a agresión cara o equipo contrario, o árbitro ou os espectadores.
- Pactar resultados ou amaño de partidas.

A tarxeta vermella implica a inmediata expulsión da competición, podendo derivar en non poder inscribirse en torneos posteriores.